BASES DA CAMPAÑA PROMOCIONAL "GALA DE OUTONO DA PROVINCIA DE LUGO"

1. ***"GALA DE OUTONO DA PROVINCIA DE LUGO"*** é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola **Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo-Federación de Comercio de Lugo- xunto coa Excma. Deputación Provincial de Lugo**, que ten como finalidade fundamental, o recoñecemento e posta en valor da importante posición que ocupan os pequenos comercios retallistas, como motores fundamentais da economía da provincia de Lugo, poñendo en alza, difundindo, e valorando como merecen os grandes esforzos que realizan estes pequenos comercios da nosa provincia, para fortalecer e mellorar a situación do tecido empresarial e comercial da mesma. E ao mesmo tempo, dar a coñecer e difundir entre os consumidores da provincia, a calidade da oferta comercial que lles proporcionan diariamente estes pequenos comercios, destacando as señas de identidade propias do comercio de proximidade, isto é: cercanía, trato directo e personalizado, calidade de produtos e servizos e forte impulso da economía local, ao ser un dos seus motores principais, recoñecendo e poñendo en alza polo tanto nesta campaña os valores tradicionais do pequeno comercio, e tamén as súas importantes iniciativas e accións dirixidas e modernizarse, innovar, dixitalizarse e resultar altamente competitivos. Esta campaña pois, ademais de recoñecer e premiar aos pequenos comercios e a súa importante labor como motor da economía provincial e local, pretende incentivar o consumo e as vendas neste sector, fortalecendo así a economía provincial e reportando beneficios a todos.

2. **OBXECTIVOS DA CAMPAÑA**: Así pois, esta **campaña ten como obxectivos fundamentais, por unha banda** recoñecer e premiar a gran importancia e valor do pequeno comercio polo miúdo para a mellora e fomento do desenrolo e fortalecemento da economía da provincia de Lugo, mediante as constantes actuacións que levan a cabo ditos comercios ao longo de todo o ano de xeito individual, co seu traballo diario, a súa boa xestión, a calidade dos seus produtos e servizos, e a boa atención personalizada aos clientes. E tamén a través das melloras e innovacións que incorporan nos seus establecementos de xeito colectivo, participando asíduamente nas accións e campañas conxuntas que organizan habitualmente, tamén durante todo o ano, as entidades que os representan, isto é, as **Asociacións de Comerciantes Locais da Provincia de Lugo, e a propia Federación de Comercio de Lugo, contando sempre coa imprescindible e fundamental cooperación e apoio das entidades públicas competentes locais, provinciais e autonómicas, como é neste caso a Excma. Deputación de Lugo.**

E por outra banda, difundir e dar a coñecer entre os consumidores que participen nesta campaña do xeito que se detalla nestas bases, as excelencias e a calidade dos produtos e servizos que ofertan estes pequenos comercios de proximidade, para así incentivar o consumo e as compras nos mesmos.

Así pois, todas estas accións individuais e colectivas, e tódalas campañas incluída a presente, que o sector do pequeno comercio e as entidades que os representan poñen en marcha e nas que participan masivamente os establecementos comerciais da Provincia (neste caso) ou da Comunidade Autónoma cando son de ámbito autonómico, están todas elas pensadas e dirixidas sempre a incentivar o consumo e incrementar as vendas no pequeno comercio local e provincial, mediante a realización de campañas promocionais, accións publicitarias e de difusión, actuacións de fomento do emprendemento, da renovación, modernización e dixitalización do sector, tratando sempre de potenciar o aumento e mellora da súa competitividade fronte a outros formatos de distribución comercial, incluíndo todas elas habitualmente, accións promocionais e publicitarias de todo tipo.

Entre estas accións podemos atopar habitualmente durante todo o ano, **a realización de sorteos de tarxetas regalo, ás que poden optar os consumidores que merquen no pequeno comercio local, e que deben ser usadas tamén polos agraciados para mercar no pequeno comercio**; e tamén concursos dirixidos por e para os comerciantes, para animar a todos eles a mellorar e modernizar a imaxe e xestión dos seus establecementos, e tamén para fomentar de xeito xeral o uso das novas tecnoloxías na xestión dos seus negocios e introducirse masivamente nas vendas online.

Tamén inclúen moitas destas accións animación nas rúas para nenos e grandes, que dotan de vida e actividade os centros das rúas das nosas vilas e cidades, a realización de descontos en datas sinaladas para o sector (organizados individualmente ou de xeito colectivo mediante as campañas), e calquera fórmula que resulte útil e eficaz para atraer aos consumidores, fidelizalos, e incentivar o consumo no pequeno comercio, concienciándoos ao mesmo tempo de que se mercan no pequeno comercio local e provincial, están invirtindo en beneficio da economía local e provincial, que repercute en beneficio de todos.

Xa que é evidente que o pequeno comercio local constitúe un dos sectores máis fortes, e un dos principais motores da economía local e provincial, polo que se o pequeno comercio funciona ben e obtén bos resultados, grazas en parte ao gran esforzo que fan traballando constantemente na mellora dos seus negocios, e coa posta en marcha e participando en todas estas iniciativas de promoción, publicidade, dinamización, modernización e incentivación das vendas, os seus bós resultados, repercuten directamente en beneficio do desenrolo da economía local e provincial.

Por isto esta campaña quere recoñecer e premiar o importante esforzo, e as accións realizadas polo pequeno comercio en beneficio de toda a economía provincial e local, e ao mesmo tempo, incentivar o consumo e incrementar as vendas.

3. **DATAS DE REALIZACIÓN DA CAMPAÑA E ÁMBITO DA MESMA:**

O **ámbito desta campaña abarca a provincia de Lugo**, polo que poderán participar na mesma comerciantes que desenrolen a súa actividade comercial na provincia de Lugo, e os consumidores maiores de idade que se inscriban para participar e cumpran todos os requisitos destas bases, sendo a **data de inicio da campaña o 9 de novembro de 2022, e a data de finalización de tódolos actos da campaña o 2 de decembro de 2022 (data de realización do sorteo entre os consumidores participantes debidamente inscritos).**

4. **A DINÁMICA DA CAMPAÑA SERÁ A SEGUINTE:**

Esta campaña consiste nun **SORTEO que se levará a cabo** ENTRE **TODOS OS CONSUMIDORES MAIORES DE IDADE QUE SE INSCRIBAN PARA PARTICIPAR NA MESMA NA FORMA QUE SE DETALLA NESTAS BASES, E QUE VOTEN AOS SEUS COMERCIOS FAVORITOS DE CADA CATEGORÍA, DE ENTRE OS QUE ESTÉN INSCRITOS PREVIAMENTE NA MESMA PÁXINA WEB HABILITADA A TALES EFECTOS**, PÁXINA A TRAVÉS DA CAL EMITIRÁN TAMÉN OS SEUS VOTOS OS CONSUMIDORES, segundo as indicacións que se detallan nestas bases, E ADQUIRINDO DESTE XEITO, A CONDICIÓN DE PARTICIPANTE NO SORTEO QUE SE LEVARÁ A CABO ENTRE TODOS ELES, DENTRO DESTA CAMPAÑA.

Os **pequenos comercios da provincia de Lugo que se inscriban para participar neste concurso na páxina web habilitada a tal efecto**: www.premioscomerciolugo.gal, cubrirán o formulario pertinente que atoparán en dita páxina, a través do cal facilitarán información sobre si mesmos que será de utilidade aos consumidores que participen nesta campaña para emitir os seus votos, aportando os comerciantes no momento da inscrición unha pequena memoria acreditativa dos seus méritos. **Os comerciantes terán de prazo para inscribirse neste concurso/sorteo dende o 9 de novembro (data de inicio da campaña) ata o 15 de novembro de 2022.**

As **inscricións serán por empresa, isto é, que só poderán realizar a súa inscrición para participar no concurso desta campaña, en calidade de autónomos ou empresarios (persoas físicas ou xurídicas), que desenrolen a súa actividade comercial na provincia de Lugo**, e no caso de que sexan propietarios de varios establecementos comerciais, non poderán participar con todos eles. A participación é por empresa, e polo tanto participarán cun só establecemento comercial que eles elixan inscribir no concurso.

Para poder participar neste concurso, deberán ser pequenos comercios da provincia de Lugo, (tamén se inclúen as perruquerías e os salóns de estética e peiteado).

Neste concurso haberá un total de 5 categorías de premios nas cales os comerciantes se poden inscribir nas datas indicadas, permitíndose unha soa inscrición por empresa no conxunto das 5 categorías.

É dicir, que cada titular dun pequeno comercio da provincia de Lugo, só poderá realizar **unha única inscrición nunha destas categorías, e poderá polo tanto optar a un só distintivo ou recoñecemento no concurso de méritos relativo aos comercios,** dentro das datas sinaladas, e cumprindo en todo momento, o disposto nas bases específicas que regulan a parte do **CONCURSO DESTA CAMPAÑA. Estas bases non se proceden a comunicar a XOGOS, posto que a parte do concurso entre os comerciantes non inclúe ningún sorteo por combinación aleatoria entre os mesmos, xa que os comercios gañadores o serán polos seus méritos e a súa calidade do servizo que prestan aos consumidores, sendo elexidos os comercios gañadores deste concurso, os que resulten finalistas en primeiro lugar pola votación dos consumidores na páxina web habilitada, tal e como se explica nestas bases; e en segundo lugar, dentro dos finalistas elexidos en cada categoría pola votación popular, haberá un xurado que elexirá aos comercios gañadores finais en cada categoría do concurso, baseándose nun baremos de méritos recollido nas propias bases que rexen este concurso.**

As presentes bases polo tanto, refírense soamente a parte do SORTEO ENTRE OS CONSUMIDORES QUE PARTICIPEN, xa que como xa explicamos anteriormente, A PARTE DO CONCURSO DE MÉRITOS ENTRE OS COMERCIANTES INSCRITOS, conta coas súas bases específicas, as cales non se comunican a XOGOS posto que se trata dun CONCURSO DE MÉRITOS, e non dun sorteo por combinación aleatoria.

Procedemos pois a COMUNICAR A XOGOS AS PRESENTES BASES RELATIVAS A PARTE DA CAMPAÑA RELATIVA AO SORTEO POR COMBINACIÓN ALEATORIA QUE SE CELEBRARÁ ENTRE OS CONSUMIDORES PARTICIPANTES NESTA CAMPAÑA, xa que se segundo a normativa, a obriga de comunicar a xogos, só afecta cando se trata dunha campaña que inclúe un sorteo por combinación aleatoria como neste caso, inda que explicamos brevemente nestas bases o funcionamento do concurso entre os comercios, posto que o mesmo, está relacionado co sorteo por combinación aleatoria entre os consumidores, e ambos forman parte da mesma campaña, e tamén para que se entenda mellor o funcionamento do sorteo entre os consumidores.

Os consumidores para poder participar no SORTEO DESTA CAMPAÑA e ter **opción a obter un dos premios que se sortean e que se detallan no apartado de premios destas bases, deberán inscribirse para poder votar na páxina web** www.premioscomerciolugo.gal, facilitando o seu nome completo, DNI a efectos de identificación, e o seu teléfono de contacto, **e poderán emitir os seus votos aos seus pequenos comercios favoritos, que figuren inscritos en dita páxina web en cada unha das 5 categorías de premios do concurso que figuran en dita páxina, xunto coa información relativa aos comercios inscritos e participantes; podendo cada consumidor maior de idade, votar a un só comercio inscrito por categoría, podendo emitir os seus votos nas 5 categorías, pero votando só a un comercio por categoría, e realizando as súas votacións entre as datas do 18 e o 30 de novembro de 2022.**

Cada un dos consumidores axeitadamente inscrito na páxina web, poderá votar a un só comercio por categoría, o que lle dará dereito a unha participación por voto emitido axeitadamente, pero unha vez un consumidor participante resulte agraciado cun premio, non poderá optar a máis premios.

Entre todos os consumidores axeitadamente inscritos e participantes nesta campaña do xeito explicado no parágrafo anterior, realizarase o **SORTEO que terá lugar en data de 2 de decembro as 12,30 horas na sede da Excma. Deputación de Lugo, de xeito telemático mediante un código programado que elexirá aleatoriamente aos agraciados de entre todos os consumidores participantes, que resultarán premiados con tarxetas prepago polos importes que se detalla no apartado de premios, tarxetas que deberán gastar tamén no pequeno comercio da provincia de Lugo.**

5. **PREMIOS.**

Cada **titular dos pequenos comercios participantes**, que **desenrolen a súa actividade comercial na provincia de Lugo**, e que cumpran con tódalas condicións específicas recollidas nas súa bases específicas, **soamente poderán realizar unha soa inscrición nunha das 5 categorías de premios habilitadas** na páxina web indicada, polo tanto, **só poderán optar a recibir un só premio na categoría na que se inscriban no seu caso. Cada consumidor participante que se inscriba na mesma páxina web indicada a efectos de participar nesta campaña (www.premioscomerciolugo.gal), terá dereito a votar a un só comercio inscrito en cada unha das 5 categorías, dándolle cada un dos votos emitidos dereito a unha participación no sorteo que se levará a cabo entre todos so consumidores votantes,** pero os **consumidores que resulten agraciados cun premio, xa non poderá optar a máis inda que teñan máis participacións.**

De seguido, procedemos a descrición das 5 categorías de premios ás que pode optar cada pequeno comercio inscrito, tendo sempre en conta que se fará unha soa inscrición por empresario ou autónomo titular comerciante, para cada unha das seguintes categorías, e que cada consumidor votará só a un único comercio inscrito en cada unha destas categorías de premios:

CATEGORÍAS DE PREMIOS:

1. Premios á Mellor Traxectoria Individual:

Nesta categoría, valorarase e recoñecerase, ao pequeno comerciante, que teña demostrado o seu esforzo, traballo e adicación ao seu comercio na localidade onde está localizado, ao longo de toda a súa vida laboral e profesional.

Valorarase tamén a súa implicación gremial, e a súa vinculación coas asociacións de representantes do seu sector, na zona onde desenrola a súa actividade e coas accións que estas desenrolan. Os comerciantes que opten a esta categoría teñen que levar como mínimo 10 anos adicados ao sector.

2. Premio á Continuidade Empresarial:

Esta categoría está dirixida aos pequenos comercios da provincia que lograran manter a súa actividade empresarial durante cando menos, 25 anos, grazas ao relevo xeracional ou a reconversión do seu negocio.

3. Premio á Dixitalización:

Esta categoría está dirixida a recoñecer iniciativas que teñan contribuído a redefinir o servizo aos clientes, tratando de melloralo sempre; así como a posibilitar ou fomentar novas experiencias dixitais na interacción comercio-cliente, tanto nos comercios físicos como no comercio online.

4. Premio ao Comercio Sostible:

Nesta categoría, recoñeceranse e valoraranse aqueles comercios que destaquen na posta en marcha de proxectos innovadores, que contribúan de xeito destacado, a acadar os Obxectivos de Desenrolo Sostible (ODS)

5. Premio ao Mellor Comercio de Barrio:

Esta categoría está dirixida aos comercios localizados nalgún barrido das nosas cidades e vilas da Provincia de Lugo, que destaquen porque ofertan unha proposta atractiva, diferente, innovadora e que resulte atraente para os consumidores, valorándose tamén o trato ao cliente e a conservación de algún oficio ou tradición típica da zona ou da nosa provincia ou típica galega, como por exemplo algún produto alimenticio típico ou algunha manualidade artesanal.

Entre **todos os consumidores participantes nesta campaña, inscritos e que emitiran o seu voto cumprindo todo o disposto nestas bases e nas datas sinaladas**, terá lugar un **SORTEO de 50 tarxetas prepago da entidade financieira ABANCA, por valor de 200 euros cada unha delas, que terá lugar en data de 2 de decembro as 12,30 horas na sede da Excma Deputación de Lugo, de xeito telemático mediante un código programado que elexirá aleatoriamente aos agraciados de entre todos os consumidores participantes, e debendo os agraciados gastar estas tarxetas prepago tamén nos pequenos comercios da provincia de Lugo, tendo como prazo máximo para utilizar ditas tarxetas regalo, o 30 de xuño de 2023.**

6. **A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación das presentes bases que rexen a campaña, así como de todo o disposto nas mesmas a tódolos efectos.** O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.

7. **PROTECCIÓN DE DATOS**. De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016, así como na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña,** serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é **titular e responsable a entidade FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO, CIF G27190602 Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120**, e-mail info@comerciogalicia.es Este **ficheiro estará depositado e almacénarase** pola empresa **DINAHOSTING,** con sede en Santiago de Compostela, entidade que cumprirá asimesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas as garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumplimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o periodo de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, confirma que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais, etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas

coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo**; **teléfono 982255120**, e-mail info@comerciogalicia.es, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

A Entidade organizadora resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como de suspender ou cancelar esta campaña/sorteo sen incurrir en ningún tipo de responsabilidade.

XUNTA DE GALICIA

galicia

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Comunicación previa para a realización de combinacións aleatorias con fins publicitarios ou promocionais presentada por FEDERACION DE ASOCIACIONES DE COMERCIO D con NIF G27190602 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2022/2740308	08-11-2022 14:39	Servizo de Xestión Técnico-administrativa e Interior Lugo

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude (Anexo)	Solicitude-PR300A-20221108.pdf	B9B0196C53D05A193FA2C8558965B7519CA2881BE138C9EEC6C0B0F09DB30885
BASES CAMPAÑA	BASES SORTEO CONSUMIDORES.doc	A21EEC50AC6E87DF14ABFF351FB22CAED1602E38706D7B58AF6293E87E631E10
ACTA NOTARIAL	ACTA NOTARIAL.pdf	6B843E61A3565E54E27DC40E87D7B698DE7959F2B34390299797B29F88DAB340
CERTIFICADO PREMIOS	CERTIFICADO PREMIOS.pdf	100FDCA0AD5DB3D80ECF8B41C576091462C3C75A41364A8AF93861A3384AFF30

CVE: a36c282e-d290-3549-9612-1b05373da12e Asinado por REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve Data e hora: 08/11/2022 14:39

BASES DA CAMPAÑA PROMOCIONAL "GALA DE OUTONO DA PROVINCIA DE LUGO"

1. ***"GALA DE OUTONO DA PROVINCIA DE LUGO"*** é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola **Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo-Federación de Comercio de Lugo- xunto coa Excma. Deputación Provincial de Lugo**, que ten como finalidade fundamental, o recoñecemento e posta en valor da importante posición que ocupan os pequenos comercios retallistas, como motores fundamentais da economía da provincia de Lugo, poñendo en alza, difundindo, e valorando como merecen os grandes esforzos que realizan estes pequenos comercios da nosa provincia, para fortalecer e mellorar a situación do tecido empresarial e comercial da mesma. E ao mesmo tempo, dar a coñecer e difundir entre os consumidores da provincia, a calidade da oferta comercial que lles proporcionan diariamente estes pequenos comercios, destacando as señas de identidade propias do comercio de proximidade, isto é: cercanía, trato directo e personalizado, calidade de produtos e servizos e forte impulso da economía local, ao ser un dos seus motores principais, recoñecendo e poñendo en alza polo tanto nesta campaña os valores tradicionais do pequeno comercio, e tamén as súas importantes iniciativas e accións dirixidas e modernizarse, innovar, dixitalizarse e resultar altamente competitivos. Esta campaña pois, ademais de recoñecer e premiar aos pequenos comercios e a súa importante labor como motor da economía provincial e local, pretende incentivar o consumo e as vendas neste sector, fortalecendo así a economía provincial e reportando beneficios a todos.

2. **OBXECTIVOS DA CAMPAÑA**: Así pois, esta **campaña ten como obxectivos fundamentais, por unha banda** recoñecer e premiar a gran importancia e valor do pequeno comercio polo miúdo para a mellora e fomento do desenrolo e fortalecemento da economía da provincia de Lugo, mediante as constantes actuacións que levan a cabo ditos comercios ao longo de todo o ano de xeito individual, co seu traballo diario, a súa boa xestión, a calidade dos seus produtos e servizos, e a boa atención personalizada aos clientes. E tamén a través das melloras e innovacións que incorporan nos seus establecementos de xeito colectivo, participando asiduamente nas accións e campañas conxuntas que organizan habitualmente, tamén durante todo o ano, as entidades que os representan, isto é, as **Asociacións de Comerciantes Locais da Provincia de Lugo, e a propia Federación de Comercio de Lugo, contando sempre coa imprescindible e fundamental cooperación e apoio das entidades públicas competentes locais, provinciais e autonómicas, como é neste caso a Excma. Deputación de Lugo.**

E por outra banda, difundir e dar a coñecer entre os consumidores que participen nesta campaña do xeito que se detalla nestas bases, as excelencias e a calidade dos produtos e servizos que ofertan estes pequenos comercios de proximidade, para así incentivar o consumo e as compras nos mesmos.

Así pois, todas estas accións individuais e colectivas, e tódalas campañas incluída a presente, que o sector do pequeno comercio e as entidades que os representan poñen en marcha e nas que participan masivamente os establecementos comerciais da Provincia (neste caso) ou da Comunidade Autónoma cando son de ámbito autonómico, están todas elas pensadas e dirixidas sempre a incentivar o consumo e incrementar as vendas no pequeno comercio local e provincial, mediante a realización de campañas promocionais, accións publicitarias e de difusión, actuacións de fomento do emprendemento, da renovación, modernización e dixitalización do sector, tratando sempre de potenciar o aumento e mellora da súa competitividade fronte a outros formatos de distribución comercial, incluíndo todas elas habitualmente, accións promocionais e publicitarias de todo tipo.

Entre estas accións podemos atopar habitualmente durante todo o ano, **a realización de sorteos de tarxetas regalo, ás que poden optar os consumidores que merquen no pequeno comercio local, e que deben ser usadas tamén polos agraciados para mercar no pequeno comercio**; e tamén concursos dirixidos por e para os comerciantes, para animar a todos eles a mellorar e modernizar a imaxe e xestión dos seus establecementos, e tamén para fomentar de xeito xeral o uso das novas tecnoloxías na xestión dos seus negocios e introducirse masivamente nas vendas online.

Tamén inclúen moitas destas accións animación nas rúas para nenos e grandes, que dotan de vida e actividade os centros das rúas das nosas vilas e cidades, a realización de descontos en datas sinaladas para o sector (organizados individualmente ou de xeito colectivo mediante as campañas), e calquera fórmula que resulte útil e eficaz para atraer aos consumidores, fidelizalos, e incentivar o consumo no pequeno comercio, concienciándoos ao mesmo tempo de que se mercan no pequeno comercio local e provincial, están invirtindo en beneficio da economía local e provincial, que repercute en beneficio de todos.

Xa que é evidente que o pequeno comercio local constitúe un dos sectores máis fortes, e un dos principais motores da economía local e provincial, polo que se o pequeno comercio funciona ben e obtén bos resultados, grazas en parte ao gran esforzo que fan traballando constantemente na mellora dos seus negocios, e coa posta en marcha e participando en todas estas iniciativas de promoción, publicidade, dinamización, modernización e incentivación das vendas, os seus bós resultados, repercuten directamente en beneficio do desenrolo da economía local e provincial.

Por isto esta campaña quere recoñecer e premiar o importante esforzo, e as accións realizadas polo pequeno comercio en beneficio de toda a economía provincial e local, e ao mesmo tempo, incentivar o consumo e incrementar as vendas.

3. **DATAS DE REALIZACIÓN DA CAMPAÑA E ÁMBITO DA MESMA:**

O **ámbito desta campaña abarca a provincia de Lugo**, polo que poderán participar na mesma comerciantes que desenrolen a súa actividade comercial na provincia de Lugo, e os consumidores maiores de idade que se inscriban para participar e cumpran todos os requisitos destas bases, sendo a **data de inicio da campaña o 9 de novembro de 2022, e a data de finalización de tódolos actos da campaña o 2 de decembro de 2022 (data de realización do sorteo entre os consumidores participantes debidamente inscritos).**

4. **A DINÁMICA DA CAMPAÑA SERÁ A SEGUINTE:**

Esta campaña consiste nun **SORTEO que se levará a cabo** ENTRE **TODOS OS CONSUMIDORES MAIORES DE IDADE QUE SE INSCRIBAN PARA PARTICIPAR NA MESMA NA FORMA QUE SE DETALLA NESTAS BASES, E QUE VOTEN AOS SEUS COMERCIOS FAVORITOS DE CADA CATEGORÍA, DE ENTRE OS QUE ESTÉN INSCRITOS PREVIAMENTE NA MESMA PÁXINA WEB HABILITADA A TALES EFECTOS**, PÁXINA A TRAVÉS DA CAL EMITIRÁN TAMÉN OS SEUS VOTOS OS CONSUMIDORES, segundo as indicacións que se detallan nestas bases, E ADQUIRINDO DESTE XEITO, A CONDICIÓN DE PARTICIPANTE NO SORTEO QUE SE LEVARÁ A CABO ENTRE TODOS ELES, DENTRO DESTA CAMPAÑA.

Os **pequenos comercios da provincia de Lugo que se inscriban para participar neste concurso na páxina web habilitada a tal efecto**: www.premioscomerciolugo.gal, cubrirán o formulario pertinente que atoparán en dita páxina, a través do cal facilitarán información sobre si mesmos que será de utilidade aos consumidores que participen nesta campaña para emitir os seus votos, aportando os comerciantes no momento da inscrición unha pequena memoria acreditativa dos seus méritos. **Os comerciantes terán de prazo para inscribirse neste concurso/sorteo dende o 9 de novembro (data de inicio da campaña) ata o 15 de novembro de 2022.**

As **inscricións serán por empresa, isto é, que só poderán realizar a súa inscrición para participar no concurso desta campaña, en calidade de autónomos ou empresarios (persoas físicas ou xurídicas), que desenrolen a súa actividade comercial na provincia de Lugo**, e no caso de que sexan propietarios de varios establecementos comerciais, non poderán participar con todos eles. A participación é por empresa, e polo tanto participarán cun só establecemento comercial que eles elixan inscribir no concurso.

Para poder participar neste concurso, deberán ser pequenos comercios da provincia de Lugo, (tamén se inclúen as perruquerías e os salóns de estética e peiteado).

Neste concurso haberá un total de 5 categorías de premios nas cales os comerciantes se poden inscribir nas datas indicadas, permitíndose unha soa inscrición por empresa no conxunto das 5 categorías.

É dicir, que cada titular dun pequeno comercio da provincia de Lugo, só poderá realizar **unha única inscrición nunha destas categorías, e poderá polo tanto optar a un só distintivo ou recoñecemento no concurso de méritos relativo aos comercios,** dentro das datas sinaladas, e cumprindo en todo momento, o disposto nas bases específicas que regulan a parte do **CONCURSO DESTA CAMPAÑA. Estas bases non se proceden a comunicar a XOGOS, posto que a parte do concurso entre os comerciantes non inclúe ningún sorteo por combinación aleatoria entre os mesmos, xa que os comercios gañadores o serán polos seus méritos e a súa calidade do servizo que prestan aos consumidores, sendo elexidos os comercios gañadores deste concurso, os que resulten finalistas en primeiro lugar pola votación dos consumidores na páxina web habilitada, tal e como se explica nestas bases; e en segundo lugar, dentro dos finalistas elexidos en cada categoría pola votación popular, haberá un xurado que elexirá aos comercios gañadores finais en cada categoría do concurso, baseándose nun baremos de méritos recollido nas propias bases que rexen este concurso.**

As presentes bases polo tanto, refírense soamente a parte do SORTEO ENTRE OS CONSUMIDORES QUE PARTICIPEN, xa que como xa explicamos anteriormente, A PARTE DO CONCURSO DE MÉRITOS ENTRE OS COMERCIANTES INSCRITOS, conta coas súas bases especificas, as cales non se comunican a XOGOS posto que se trata dun CONCURSO DE MÉRITOS, e non dun sorteo por combinación aleatoria.

Procedemos pois a COMUNICAR A XOGOS AS PRESENTES BASES RELATIVAS A PARTE DA CAMPAÑA RELATIVA AO SORTEO POR COMBINACIÓN ALEATORIA QUE SE CELEBRARÁ ENTRE OS CONSUMIDORES PARTICIPANTES NESTA CAMPAÑA, xa que se segundo a normativa, a obriga de comunicar a xogos, só afecta cando se trata dunha campaña que inclúe un sorteo por combinación aleatoria como neste caso, inda que explicamos brevemente nestas bases o funcionamento do concurso entre os comercios, posto que o mesmo, está relacionado co sorteo por combinación aleatoria entre os consumidores, e ambos forman parte da mesma campaña, e tamén para que se entenda mellor o funcionamento do sorteo entre os consumidores.

